



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21 DE XUÑO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00027463J.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas os días 7 e 14 de xuño de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00010025D.

Licenza obra maior.

COMENTARIO: demolición dunha edificación situada na r/ Vista Alegre, 49.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 03/03/2021, a demolición da edificación situada na Rúa Vista Alegre, 49 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 2.430,00 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00025066P.

Licenza obra maior.

COMENTARIO: rehabilitación de cubertas das facultades de Psicoloxía e Ciencias da Educación da USC.

Acórdase conceder a Universidade de Santiago de Compostela , licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 28/05/2021, a rehabilitación das cubertas das Facultades de Psicoloxía e Ciencias da Educación Campus Vida situadas na Rúa José María Suárez Nuñez 9 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 283.751,12 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/919/2020.

Licenza obra maior.

COMENTARIO: reforma integral dunha vivenda unifamiliar situada en Bornais, 47.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de visado do 02/07/2020 e o de execución visado o 18/01/2021 e a documentación presentada o 23/04/2021 e o 18/05/2021, a reforma integral dunha vivenda unifamiliar situada no Lg Bornais, 47C Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 150.000,00 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/330/2020.

Licenza obra maior.

COMENTARIO: mellora da accesibilidade do edificio situado na avda. de Lugo, 257.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 16/02/2021 solicitada pola Comunidade de propietarios Avda Lugo 257 para a mellora de accesibilidade en edificio situado na Avenida de Lugo, 257 Santiago de Compostela (A Coruña)

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral de Patrimonio Cultural e ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro.- Conceder á Comunidade de propietarios Avda Lugo 257, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 04/03/2019 e a documentación técnica presentada o 15/12/2020, a mellora de accesibilidade en edificio situado na Avenida de Lugo, 257 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 90.756,30 euros.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1001/2020.

Licenza obra maior.

COMENTARIO: aceptación da cesión de solo para viario e licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Benavente.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 23/12/2020 , outorgada ante o Notario, co número de protocolo tres mil noventa e oito.

SEGUNDO.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 25/06/2020 e a documentación técnica presentada o 23/12/2020, 08/03/2021 e o 20/04/2021, a construción dunha vivenda unifamiliar no Lg Benavente Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 139.127,07 euros.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/4/2020.

Licenza de segregación.

COMENTARIO: aceptación da cesión de solo para viario e licenza para segregrar unha parcela situada na trvsa. Susana, 4, dando lugar a 2 parcelas.

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 31 de maio de dous mil vinte e un, co número de protocolo mil catrocentos sete.

A parcela cedida descríbese así na escritura:

“a) Parcela segregada 1.- Porción de terreo para ampliación de viais, dunha extensión de 52m2s

b) Parcela segregada 2.- Porción de terreno para ampliación de viais dunha extensión superficial de 22 m2s.

Segundo: conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 02/01/2020 e a documentación complementaria presentada o 07/10/2020, 12/02/2021 e o 114/06/2021, a segregación da parcela situada na Trva Susana, 4 Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes PARCELAS DE RESULTADO:

- PARCELA DE RESULTADO Finca 1 RESTO PARCELA MATRIZ. Sta María de Marrozos, lugar de Susana, Travesía de Susana 4. Clasificación Solo Urbano, Categoría Consolidado, e Cualificación Ordenanza 11. Núcleos tradicionais incorporados ó solo urbano. Superficie Bruta e Neta 654,00m2s
- PARCELA DE RESULTADO FINCA B. Sta María de Marrozos, lugar de Susana, Travesía de Susana 4. Clasificación Solo Urbano, Categoría Consolidado, e Cualificación Ordenanza 11. Núcleos tradicionais incorporados ó solo urbano. Superficie Bruta e Neta 418,00m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1281/2020.

Licenza obra maior.

COMENTARIO: ampliación e reforma de vivenda unifamiliar no lugar de Amañecida, 8.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 16/03/2021 e a documentación presentada o 25/03/2021 e o 26/05/52021, licenza para ampliación e reforma de vivenda unifamiliar situada no Lg Amañecida , 8 Santiago de Compostela (A Coruña, cun orzamento de execución material de 63.180,00 euros.

9. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: S/2021/32.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos servicios de mantemento do alumado público, instalación eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumado ornamentais febreiro de 2021. S/2021/32.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 78.600,38 € a favor de FERROVIAL, SA en concepto de servicios de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas e alumado ornamental. Febreiro de 2021.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da prestación dos Servicios de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalación de alumado ornamental dos monumentos do concello de Santiago de Compostela por parte da empresa Ferrovial Servicios SAU.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de **78.600,38 euros**, correspondentes á relación contable de facturas S/2021/32, que comeza pola número F/2021/1023 por importe de 77.288,46 euros e finaliza pola número F/2021/1025 por importe de 369,35 euros, a favor de Ferrovial Servicios SAU, que se imputarán á partida orzamentaria 020 16500 2270900 do exercicio 2021.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar perxuizos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se evite eses perxuizos.

10. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: F/2021/492.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos servicios de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumado ornamentais xaneiro 2021 F/2021/492.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 77.288,46 € a favor de FERROVIAL, SA en concepto de servicios de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas e alumado ornamental. Xaneiro de 2021.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da prestación dos Servicios de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalación de alumado ornamental dos monumentos do concello de Santiago de Compostela por parte da empresa Ferrovial Servicios SAU

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de **77.288,46 euros**, correspondentes á factura F/2021/492 a favor de Ferrovial Servicios SAU, que se imputarán á partida orzamentaria 020 16500 2270900 do exercizo 2021.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar perxuizos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se evite eses perxuizos.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/69/2020.

Aprobación do expediente denominado Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela.

COMENTARIO: apróbase o expediente e licítase o contrato. O seu orzamento é de 424.752,29 € sen IVE (513.950,27 € con IVE) e a duración é de dous anos.

Apróbase o expediente denominado Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 424.752,29 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 89.197,98 euros. O importe total é de **513.950,27 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020-92000-2279900, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 85.658,38 euros.

Anualidade 2022: 256.975,14 euros.

Anualidade 2023: 171.316,76 euros.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: RECURSO RESPOSICION 1/2021.

Recurso de reposición interposto pola voceira do grupo municipal do BNG, Goretti Sanmartín e pola concelleira deste mesmo grupo Navia Rivas, contra o acordo da Xunta de Goberno Local en que aproba o prego de contratación dos servizos relativos á recollida de residuos domésticos e limpeza viaria de Santiago de Compostela.

COMENTARIO: inadmítese o recurso polos seguintes motivos: 1. Non procede un recurso de reposición senón un recurso especial en materia de contratación; 2. O recurso, aínda que fose recurso especial, presentouse fóra de prazo.

Acórdase a non admisión a trámite do recurso interposto pola voceira do grupo municipal do BNG, Goretti Sanmartín, e pola concelleira dese mesmo grupo municipal, Navia Rivas, contra o acordo da XGL que aproba o expediente de contratación e abre o procedemento de adxudicación do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACIÓN F/2021/1461.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura expedida por Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S.A., en concepto de servizos postais, correspondentes ao mes de marzo de 2021.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 48.853,16 € a favor de CORREOS, SA en concepto de servizos postais. Marzo de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CORENTA E OITO MIL OITOCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS

CON DEZASEIS CÉNTIMOS (**48.853,16 euros**), segundo factura F/2021/1461 que figura no expediente, en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de marzo de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: convalidación F/2021/439.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura expedida por Gerosalud, S.L., en concepto de servizo alleo de prevención de riscos laborais, medicina do traballo, hixiene industrial e apoio ao Servizo de Prevención, correspondente ao mes de xaneiro de 2021.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 3.468,54 € a favor de GEROSALUD, SL en concepto de servizo alleo de prevención de riscos laborais e medicina do traballo. Xaneiro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente. Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL CATROCIENTOS SESENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.468,54 euros) segundo factura F/2021/439 que se achega no expediente, en concepto servizo alleo de prevención de riscos laborais, medicina do traballo, hixiene industrial e apoio ao servizo de prevención correspondente ao mes de xaneiro de 2021

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: convalidación F/2021/854 e F/2021/1296.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Sociedade Municipal Xestión Transporte Urbano de Santiago en concepto de alugueiro do local dos servizos de Parques e Xardíns e de Bombeiros correspondente aos meses de febreiro e marzo de 2021.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 13.248,58 € a favor de TUSSA, SA en concepto de alugueiro de local para os servizos de Parques e Xardíns e SEIS. Febreiro e Marzo de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente. Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (13.248,58 euros) segundo facturas F/2021/854 e F/2021/1296 que se achegan no expediente, a favor da SOCIEDADE MUNICIPAL XESTIÓN TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, en concepto de alugueiro do local dos servizos de Parques e Xardíns e Bombeiros correspondente ao mes de xaneiro de 202.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: convalidación S/2021/33.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Neumáticos Pájaro, S.L., en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes á primeira quincena dos meses de febreiro e marzo de 2021.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 982,50 € a favor de NEUMÁTICOS PÁJARO, SL en concepto de subministracións para o servizo de Parque Móbil. Febreiro e marzo de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVECIENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (982,50 euros) segundo relación contable de facturas S/2021/33 que figura no expediente, e que comeza pola número F/2021/784 por importe de 72,60 €, e remata pola número F/2021/1230 por importe de 909,90 €, todas elas en concepto de subministración de pneumáticos para o Parque Móbil do concello.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: convalidación S/2021/29.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a diferentes períodos entre novembro de 2020 e marzo do ano 2021.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 13.319,53 € a favor de GAS NATURAL, SA e NATURGY, SA en concepto de subministración de electricidade. Novembro de 2020 a marzo de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS DEZANOVE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (**13.319,53 euros**) segundo relación contable de facturas S/2021/8 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/575 por importe de 1.171,29 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. e remata pola núm. F/2021/1378 por importe de 220,10 euros, expedida por NATURGY IBERIA IBEIRA, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: convalidacion F/2021/57.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura expedida por Markel Insurance SE sucursal en España, en concepto de póliza de accidentes de persoal empregado municipal correspondente ao período que abrangue desde o 1 de xaneiro e o 10 de maio de 2021.

COMENTARIO: aprobación de facturas por importe de 3.385,23 € a favor de MARKEL INSURANCE, SA en concepto de seguro de accidentes de empregados municipais. Xaneiro a maio de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (**3.385,23 euros**) segundo se especifica na factura F/2021/57, que se achega no expediente, en concepto de póliza de accidentes do persoal empregado municipal correspondente ao período que abrangue desde o 1 de xaneiro ao 10 de maio de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00026836F.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no recurso de suplicación 4353/2020 do TSXG-PO 25/2021 SOCIAL 4.

COMENTARIO: sentenza favorable para o concello pois desestima o recurso presentado polos traballadores do CAU reclamando o seu recoñecemento como empregados municipais. Cabe recurso de casación.

Dase conta da sentenza RSU 4353/2020. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza. En caso de recurso, formalizar oposición ao mesmo.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00026822Q.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no recurso de Apelación 4083/2021-PO 207/2021 CA2.

COMENTARIO: sentenza favorable para o concello pois desestima o recurso presentado por SERTEGO, SLU no que solicitaba a suspensión cautelar dos efectos do decreto da Concellería de Urbanismo de 05.02.2020 que rexeitaba o recurso de

reposición presentado contra a declaración de non legalizable da actividade de tratamento e xestión de residuos desenvolvida na canteira de Miramontes. Cabe recurso de casación.

Dase conta da sentenza nº 313/2021. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza. En caso de recurso, formalizar oposición ao mesmo.
3. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/0002686Z.

Dación de conta á XGL da providencia do TS recaída no procedemento RC 3440/2020 do PO 314/2017 CA1.

COMENTARIO: resolución desfavorable para o concello pois o TS acorda a non admisión do recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Galicia que rexeita que INTERPARKING HISPANIA, SA, concesionaria do aparcadoiro do CHUS, estea obrigada ao pago da taxa por autorización para o paso de vehículos. Non cabe recurso ningún.

Dase conta da providencia no RC 3440/2020. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería para a súa execución.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00026050A.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Recurso de Apelación 7053/2021 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

COMENTARIO: sentenza favorable para o concello pois desestima o recurso presentado por TRALUSA para que non se lle puidese esixir a cláusula de “compromiso de viaxeiros” dos pregos do Contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros mentres preste os servizos en virtude dunha orde de continuidade. reclamando o seu recoñecemento como empregados municipais. O importe do recurso era de 287.267,95 €. Cabe recurso de casación.

Dase conta da sentenza nº 218/2021.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza. En caso de recurso, formular oposición ao mesmo.
3. Remitir aos Servizos de Mobilidade e de Contratación para o seu coñecemento.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00026868Q.

Dación á Xunta de Goberno de Providencia R casación 7227/2020, AP 4506/2018, PO 241/2016 CA2.

COMENTARIO: resolución favorable para o concello pois o TS acorda a non admisión do recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Galicia que rexeita as reclamacións de cantidade presentadas por PROXECTOS E INMUEBLES DE GALICIA, SL por causa dunha expropiación e como reclamación de responsabilidade patrimonial. Non cabe recurso ningún.

Dase conta da providencia no RC 7227/2020. Acórdase:

Tomar coñecemento da providencia.

Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

24. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00027463J.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 4 ao 17 de xuño de 2021.

URXENCIAS

25. CON 5/2021. Subministración de combustible líquido. Pago de peaxes de autoestradas e subministración de material de mantemento básico (aditivo adblue e lubricante) dos vehículos integrantes do parque móbil do concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado “Subministración de combustible líquido, pago de peaxes de autoestradas, subministración de material de mantemento básico (aditivo AdBlue e lubricante) dos vehículos do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela” e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 159.275,70 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 33.447,90 euros. O importe total é de **192.723,6 euros**, IVE engadido.

Segundo: Aprobar o gasto preciso para o financiamento deste contrato con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2210300, de acordo co seguinte desglose por anualidades e quedando condicionado, en consecuencia, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 56.211,05 euros.

Anualidade 2022: 96.361,80 euros.

Anualidade 2023: 40.150,75 euros.

25. CON/12/2021. Adxudicación do contrato “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das festas do Apóstolo 20212.

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa PIROTECNIA RICARDO CABALLER SA, por un importe total de **269.355,68 euros**, IVE engadido (222.608 euros. IVE aparte 21%: 46.747,68 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 338002269900.